

Conseguistes o seguinte selo!




Esta semana preciso de novo a vosa axuda . Despois da visita á igrexa de Camelle, fun con Thomas ao areal do Trece e pisei unha substancia negra, moi pegañenta. Thomas díxome que cre que son restos do Prestige, xa que, a pesar de que pasaron máis de 20 anos, o barco segue debaixo do mar. Díxenlle a Thomas de avisar a alguén, pero el contestou:

-Ninguén se vai preocupar por un par de manchas. As cousas non son como deberían. Ás veces gustaríame estar dentro do baúl para non ver todo o lixo que tira a xente!

Deume moita mágoa escoitalle dicir algo así, pero sen dubidalo respondiulle:

-Non digáis iso! No mundo tamén hai xente boa. Pensa nos miles de voluntarios que chegaron a Galicia para limpar as nosas costas.



Imos demostrarlle a Thomas o ben que o facemos nós!

Para iso, pído vos que esta semana deades as voltas amodiño, cos ollos ben abertos, como auténticos voluntarios/as, para deixar cada recuncho da escola libre de lixo.

Por favor, desde hoxe, comprometédevos a ter unha contorna limpa, tanto dentro como fóra da escola. Só así romperemos a maldición! Confío en vós!

